



## TEATRO INFANTIL

### Ánxeles Cuña: 'A GATA CON BOTAS'

*A gata con botas* é unha versión de Sarabela Teatro do coñecido conto tradicional de Perrault. A gata con botas é a nosa terceira incursión no teatro infantil, despois do éxito acadado co *Romance de Micomicón e Adhelala* de Eduardo Blanco Amor (Premio Celestina como Mellor Contribución ao Teatro Infantil, Mención Especial do xurado no FETEN, Mención Especial do Xurado en TEATRALIA) e *A Illa Amarela* de Paloma Pedrero.

Construímos unha brincadeira moi divertida para todos os públicos que xa teñen no seu imaxinario a historia do muiñeiro que deixa, antes de morrer, en heranza un gato ao seu fillo pequeno. Cun Marqués inventado e unha Gata espilida para axudar ao seu amigo e liberar o pobo da tiranía do Ogro, recreamos unha das historias máis engaiolantes de todos os tempos. Non é soamente un relato xenial, senón unha extraordinaria obra de teatro.





Charles Perrault (1628-1703) conseguiu coas súas *Historias ou contos do tempo pasado* (tamén chamados *Contos da miña nai a Oca*) grande fama, e inaugurou o xénero literario dos **CONTOS DE FADAS**. Suficientemente suxerente como para mergullarnos no universo da **FANTASÍA**.

Máis de dous séculos de vida do conto e o personaxe converteuse nun mito da literatura universal. Hai multitude de versións sobre este clásico texto infantil. Versións diversas, puntos de vista diferentes, pero sempre estimulantes.

Nós sentimos a necesidade de liberar os personaxes do pasado e confrontalos co tempo que estamos a vivir hoxe!

O noso punto de vista engade unha visión actualizada, tenra; crítica contra a crueldade dos animais, a pobreza e a miseria de certos grupos sociais humanos; e sobre todo, con grandes doses de xogo, dinamismo e ilusión.

Atopámonos co mito e con conto.

Queremos dirixirnos a espectadores de todas as idades, con sensibilidade. Límpanos a mirada a ollada limpa dos nenos e nenas; dos mozos e mozas; dos

habitantes perplexos...; de todas e todos aqueles que sempre saberán entrar no corazón dos contos! *Un pallaso singular perde o conto de Perrault. O que tiña que contar, para iso o contratou o Padroado Cultural. Conta, inventa, ten poderes para entrar nas escenas... arela ser PALLASO REAL e faille as beiras á PRINCESA, disfrazándose de príncipes estranxeiros. Alíase coa GATA e con MIGO, o fillo do muiñeiro.*

#### **O GATO CON BOTAS: O CONTO**

Forma parte do que se poderían chamar **CONTOS DE FADAS AMORAIS!** A Gata con Botas é unha trampulleira, mentirosa, que conquista bens usando a malicia e estratexias pouco recomendables. Un pouco farfallá!

*Os contos de fadas amorais non mostran polarización ou xustaposición de persoas boas e malas; por isto estas historias amorais serven a un propósito enteiramente distinto. Tales contos ou figuras típicas, como a da gata, que axuda ao heroe e consegue os seus fins coas trampas que imaxina; constrúe o personaxe non pola escolla entre o ben e o mal,*



*senón dando a esperanza de que mesmo o máis mediocre pode ascender na vida.*

Cando a xente se sente moi insignificante, cre na inutilidade de se tornar bo ou malo e na case certeza de que todo o que se faga redundará en derrotas. Xamais chegaremos a ser alguén. A énfase de contos como o da Gata con Botas e do que rouba os tesouros do Ogro non é a moral. Eles foron creados para demostrar que todos poden ascender. Andar pola vida mantendo as expectativas de derrotas, de que non podemos vencer as dificultades que xorden no noso camiño é un problema existencial moi importante. En gran parte da literatura infantil moderna os nosos impulsos internos xeradores de conflitos son negados, entón non ofrecen axuda ningunha ás nenas e aos nenos de como lidar con eles. Os pequenos e pequenas pódense sentir solitarios, angustiados e ansiosos, non conseguen expresar estes sentimentos en palabras. Os adultos vólvense ansiosos tamén e varren o problema para debaixo da alfombra!

*A función dos contos de fadas é a de encarar estes dilemas con moita seriedade e de atacalos da forma máis directa: a necesidade de ser amado e o medo de non posuír valor ningún; o amor pola vida e o medo á morte. Os contos de fadas ofrecen axuda ás nenas e nenos ensinándolles as formas de como solucionar os seus problemas no propio nivel de comprensión dos rapaces.*

Sempre terminar ofrecendo remates como estes: «Viviron felices para sempre», ou «Se eles non morreron aínda están vivos». A pesar de non enganar aos cativos, indican un antídoto para este desexo de eternizar a vida, eles indican que se pode construír unha ligazón verdadeiramente satisfactoria con outra persoa. Se a persoa realizou esta premisa, foi feliz, acadou o máximo en seguridade emocional de existencia e permanencia de relación dispoñible para os seres humanos, e só isto pode disipar o medo á morte. Eles vivirán felices por moito tempo, felices e satisfeitos.